# ORDENANZA FISCAL Nº 13

## Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Ocupacións do Subsolo, Solo e Voo da Vía Pública

**Artigo 1º. - Fundamento e natureza.**

Ó amparo do previsto nos artigos 58 e 20.3 apartados e), g), j), k) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a "taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2º. - Feito impoñible.**

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública, nos termos establecidos no artigo 6º desta ordenanza, donde se regulan as tarifas a aplicar.

**Artigo 3º. - Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, a favor das cales se outorguen as licencias para disfrutar do aproveitamento especial, ou os que se beneficien do mesmo, sen ter solicitado licencia.

**Artigo 4º. - Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometera unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometera unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

**Artigo 5º. - Beneficios fiscais.**

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitaren licencia para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade ciudadá ou á defensa nacional.

2. Non se aplicarán bonificacións ni reduccións para a determinación da débeda.

**Artigo 6º. - Cota tributaria.**

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado 7 seguinte.

2. Nas tasas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituidos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servicios de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada término municipal as referidas empresas.

Para os efectos, incluiranse entre as empresas explotadoras de ditos servicios, as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluirán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servicios de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicarase ás empresas a que se refire este artigo 6º, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereito de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

As taxas reguladas nesta ordenanza, esixibles ás empresas explotadoras de servicios

de subministración citadas neste punto, son compatibles co Imposto sobre construccións, obras e instalacións, e con outras taxas que teña establecidas ou poida establece-lo Concello pola prestación de servicios ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

3. Para os efectos do disposto no apartado anterior, terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no término municipal polas empresas explotadoras de servicios de subministración, os obtidos en dito período polas mesmas como consecuencia das subministracións realizadas ós usuarios incluíndo os procedentes de alugamento, posta en marcha, conservación, modificación, conexión e sustitución dos contadores, equipos ou instalacións, propiedade das empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servicios e, en xeral, todos aqueles ingresos que procedan da facturación realizada por servicios derivados da actividade propia da empresa subministradora.

Non se incluirán dentro do concepto de ingresos brutos procedentes da facturación os impostos indirectos que os graven.

4. Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os seguintes conceptos:

a) As subvencións de explotación de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas subministradoras poidan recibir.

b) As cantidades que poidan recibir por donación, herdanza ou por calquera outro título lucrativo.

c) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos salvo que fosen compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que tiveran que incluírse nos ingresos brutos definidos no apartado 2 deste mesmo artigo.

d) Os productos financeiros, tales como dividendos, intereses e calquera outros de natureza análoga.

e) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmobilizado.

f) O maior valor dos seus activos como consecuencia das regularizacións que realicen nos seus balances, ó amparo de calquera norma que poida citarse.

g) As cantidades procedentes do alleamento de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.

h) Os demais ingresos procedentes de conceptos distintos dos previstos no apartado 3 deste mesmo artigo.

5. Os ingresos a que se refire o apartado 3 do presente artigo minoraranse exclusivamente en:

a) As partidas incobrables e os saldos de dubidoso cobro, determinados de acordo co disposto na normativa reguladora do Imposto sobre sociedades.

b) As partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por error e que foran obxecto de anulación ou rectificación.

6. As empresas que empleen redes alleas para efectua-las subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes das mesmas. As empresas titulares de tales redes deberán computa-las cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido ós usuarios dos servicios de subministración a que se refire este artigo.

7. As tarifas da taxa serán as seguintes:

7.1. Ocupación do subsolo, solo o voo da vía pública con cables de calquera tipo, ó ano por metro lineal ocupado, 0,50 euros.

7.2. Ocupación do subsolo, solo o voo da vía pública con tubarías para a conducción de auga ou gas, ó ano por metro lineal ocupado, 1,00 euro.

7.3. Postes de madeira, cemento armado ou ferro, cada un ó ano, 3,00 euros.

7.4. Andamios con publicidade colocados en terreo de dominio público, por $m^2$ ó ano ou fracción, 1,00 euro.

7.5. Por cada $m^2$, ou fracción de subsolo, solo o voo da vía pública ocupado ó mes, 1,20 euros.

8. Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

**Artigo 7º. - Normas de xestión.**

1. As cantidades esixibles consonte ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes, sen prexuízo do disposto no artigo 9º.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, achegando declaración na que conste a superficie en metros cadrados, se se trata de ocupación do solo da vía pública, ou en metros lineais se é por conducción de calquera clase a instalar en subsolo, solo o voo da vía pública, achegando un plano detallado de tales aproveitamentos.

3. Os servicios técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións, se procedese, de non atopar diferencias coas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados.

4. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados. Non obstante, se o interese xeral esixise a supresión do aproveitamento, a Administración Municipal revocará a licencia concedida, requerindo ó titular para que suprima á súa costa o aproveitamento.

5. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o suxeito pasivo, sen prexuízo do pagamento da taxa a que dese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos gastos de reconstrucción ou reparación.

6. A taxa prevista no punto 2 do artigo anterior deberá ser satisfeita polas empresas prestadoras de servicios de subministracións que afecten á xeralidade da veciñanza tanto cando sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, como no suposto que utilicen redes que pertencen a un terceiro.

7. A contía desta taxa que puidera corresponder a Telefónica de España, S.A. está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo, de acordo coa disposición adicional actava-dúas da Lei 39/1988.

**Artigo 8º. - Devengo.**

1. A taxa regulada nesta ordenanza devengarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento do outorgamento da concesión.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

**Artigo 9º. - Período impositivo.**

1. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá co determinado no artigo 6.3, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en que se aplicará o previsto nos apartados seguintes.

2. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial se extenda a varios exercicios, o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en que se aplicará o previsto nos apartados seguintes.

3. Salvo no suposto do artigo 6º, epígrafe 6.4, cando se inicie a ocupación no primero semestre, aboarase en concepto de taxas correspondente a ese exercicio a cota íntegra.

Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.

4. Salvo no suposto do artigo 6º, epígrafe 6.4, se se cesa na ocupación durante o primero semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cota (a metade). Se o cese ten lugar no segundo semestre, non procederá devolver ningunha cantidade.

**Artigo 10º. - Réxime de declaración e ingreso.**

O ingreso da taxa realizarase:

1. Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante do ingreso da cota tributaria ó mesmo tempo que efectúe a correspondente solicitude.

2. Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais no lugar e forma en que estableza o Servicio de Recadación Provincial.

3. Tratándose de aproveitamentos realizados por empresas explotadoras de servicios de subministracións, para a súa declaración e ingreso estarase ó disposto na súa normativa específica.

**Artigo 11º. - Notificacións das taxas.**

1. A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos singulares realizarase ó interesado, no momento en que se realiza a liquidación, con carácter previo á prestación do servicio.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais continuados que teñen carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no tablón de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

3. Ó abeiro do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pagamento do prezo público ó que sustitúe.

**Artigo 12º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.